

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. SAN XOÁN BAUTISTA DE CERDEDO.
CURSO: 4º DE PRIMARIA
MATERIA: MATEMÁTICAS.
DEPARTAMENTO:
DATA: ABRIL DE 2020.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (MATEMÁTICAS 4º)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
MT-B1.2	4º-MTB1.2.1 - Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.
MT-B1.2	4º-MTB1.2.2 - Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas
MT-B2.1	4º-MTB2.1.1 - Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.
MT-B2.1	4º-MTB2.1.2 - Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
MT-B2.2	4º-MTB2.2.1 - Descompón, compón e redondea números naturais e decimais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
MT-B2.3	4º-MTB2.3.2 - Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador na resolución de problemas contextualizados.
MT-B2.3	4º-MTB2.3.3 - Realiza operacións con números decimais na resolución de problemas contextualizados.
MT-B2.3	4º-MTB2.4.1 - Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división (de ata dúas cifras) con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.
MT-B2.4	4º-MTB2.4.2 - Constrúe series numéricas, ascendentes e descendentes, de cadencias 2, 10, 100 a partir calquera número e de cadencias 5, 25 e 50 a partir de múltiplos de 5, 25 e 50
MT-B2.5	4º-MTB2.5.1 - Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións.
MT-B3.1	4º-MTB3.1.2 - Mide con instrumentos , utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.
MT-B3.2	4º-MTB3.2.1 - Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.
MT-B3.2	4º-MTB3.2.2 - Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa .
MT-B3.2	4º-MTB3.2.3 - Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe de Matemáticas de 4º de Primaria
MT-B3.3	4º-MTB3.3.1 - Resolve problemas da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións.
MT-B3.4	4º-MTB3.4.1 - Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais coma figuradas.
MT-B4.1	4º-MTB4.1.1 - Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lados e entre ángulos.
MT-B4.2	4º-MTB4.2.1 - Clasifica cuadriláteros atendendo ao paralelismo dos seus lados.
MT-B4.2	4º-MTB4.2.2 - Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo : centro, raio e diámetro.
MT-B4.3	4º-MTB4.3.1 - Identifica e nomea polígonos atendendo o número de lados. (Máis de 10 lados= polígono de __ (<i>nº de Lados</i>) lados).
MT-B4.3	4º-MTB4.3.2 - Recoñece e identifica poliedros: prismas, pirámides e os seus elementos básicos: vértices, caras e arestas.
MT-B4.3	4º-MTB4.3.3 - Recoñece e identifica corpos redondos : cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos.
MT-B5.2	4º-MTB5.2.1 - Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas.

Os estándares marcados en amarelo deberán ser obxecto de repaso e reforzo ao inicio do vindeiro curso.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Revisión dos datos existentes da 1ª e 2ª avaliación. Observación do traballo de recuperación e ampliación do 3º trimestre (lembrando que nunca poderá supor un efecto negativo para o alumnado).
	Instrumentos: Controis escritos, diario de clase, listas de control, anotacións das revisións dos cadernos.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: valoración dos resultados das 2 primeiras avaliacións. Observación do traballo de recuperación e ampliación do 3º trimestre, valorando os avances e aplicando a debida flexibilidade, dadas as circunstancias do curso.
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	<p> Criterios de avaliación: O equipo de avaliación teremos en conta os estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles do curso, aplicando a debida flexibilidade, dadas as circunstancias do curso. </p>
	<p> Criterios de cualificación: Valoraremos os datos obxectivos recabados durante o periodo de clases presenciais. Así como o esforzo neste periodo excepcional dende a declaración do Estado de Alarma. Quitámoslle peso ás consideracións sobre a participación e expresión oral, traballo en grupo e outros que non podemos traballar e valorar neste terceiro trimestre. </p>
	<p> Procedementos e instrumentos de avaliación: valoración dos avances naquelas aprendizaxes que non tiña adquiridas. Instrumentos: controis e anotacións previas e traballo realizado. </p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	A través da Aula Virtual, e para as familias con problemas de conectividade a Internet por fotocopias dende o concello.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p><u>ALUMNADO CON CONECTIVIDADE:</u> CADA SEMANA CARGAMOS AS EXPLICACIÓNS E AS ACTIVIDADES NA AULA VIRTUAL (coordinándonos co resto do profesorado). MANTEÑO CONTACTO CO ALUMNADO POLAS MENSAXES DAS AULA VIRTUAL E EÑO TITORÍAS SEMANAIS COAS FAMILIAS POLO CORREO ELECTRÓNICO, ONDE ME CONSULTAN AS DÚBIDAS. O CONCELLO RECOLLE OS TRABALLOS E MOS FAI CHEGAR AO MEU DOMICILIO, ONDE OS CORRIXO E PROCEDO A RETROALIMENTAR O TELETRABALLO.</p> <p><u>ALUMNADO SEN CONECTIVIDADE:</u> CADA SEMANA ENVÍOLLE AO CONCELLO OS DOCUMENTOS COAS EXPLICACIÓNS E AS ACTIVIDADES (coordinándonos co resto do profesorado). MANTEÑO CONTACTO COA MAIORÍA DE FAMILIAS POLO CORREO ELECTRÓNICO. Só unha familia de inmigrantes marroquís se comunica comigo a través de notas cando lle recollen os traballos ou do concello. O CONCELLO RECOLLE OS TRABALLOS E MOS FAI CHEGAR AO MEU DOMICILIO, ONDE OS CORRIXO E PROCEDO A RETROALIMENTAR O TELETRABALLO.</p>
Materiais e recursos	<p><u>LIBROS DE TEXTO.</u> O concello levou a cada familia a totalidade dos libros de texto.</p> <p><u>FICHAS.</u> Escaneadas ou baixadas de Internet.</p> <p><u>ENLACES A PÁXINAS OU VÍDEOS DA REDE.</u></p> <p><u>AULA VIRTUAL E CORREO ELECTRÓNICO.</u></p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A parte de atoparse na páxina web do centro, en cada bloque de actividades de recuperación, reforzo e ampliación, xa se lle vai indicando (ao alumnado e ás familias) os estándares e competencias prioritarios.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.